


DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA N.º 16

SETEMBRO 1990

DORNA: Expresión poética galega.—Maio, 1981.—Santiago de Compostela.—30,24 cm.: il.—Periodicidade irregular.—A partir do n.º 8 (1985) editase polo Servizo Central de Publicacións da Xunta de Galicia e polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.—D.L.C. 94 - 1982.—ISSN 0213-3806 - Dorna.

869.9 "19"

© DORNA
Universidade de
Santiago de Compostela

COMPOSICIÓN: Marca Infografía - VIGO

IMPRIME: IMPRENTA UNIVERSITARIA
Campus Universitario
Pavillón de Servizos

EDITA: SERVIZO DE PUBLICACIONES DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ISSN: 0213-3806
D.L.C.: 94-1982
Setembro, 1990

ADEUS, MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Xesús González Gómez

Coñecín a Manuel Rodríguez López alá polo ano 1968 no Centro Galego de Barcelona, cando Basilio Losada exercía de Secretario. Naqueles anos a colectividade galega da cidade Condal comezaba a ferver: aos nomes de Manuel Casado Nieto, Basilio Losada e Xavier Costa Clavell comezaron a engadirse outros que pronto soarían dentro do ámbito cultural galego: Agustín Fernández Paz, Margarita Ledo, Carlos Almuiña Díaz, Xosé Miguelez, Xosé María Costa, Xoan Manuel Casado, Xosé Lois García, etc. Non eramos un grupo, coñeciámonos e, ás veces, coincidíamos. Mais Manuel Rodríguez López estaba, en certa maneira, á marxe. A idade, para comezar, era moito maior ca nós. E, ademais, viámonos pouco. Foi máis tarde, nos anos 1973-1974, cando a miña amizade con Manolo se foi consolidando.

E máis se consolidou cando comezaron os anos difíciles para el. A empresa na que traballaba, unha das primeiras marcas de motocicletas do Estado Español, fixo suspensión de pagos. Despois quebrou e quedou sen traballo. O tempo libre que tiña, —por desgracia— ó ser un parado, fixo que nos vísemos moitos días á semana durante varios anos. El ía explicando os seus proxectos, o que quería facer, o que tiña na carteira. Foron os anos en que se dedicou a reseñar na prensa galega todo canto se fixera nos distintos locais da comunidade galega de Cataluña. Por fin, e en certa maneira enganado por algúns, decidiuse a volver a Galicia. E regresaba a Barcelona de

cando en vez. Viña, chamábame por teléfono e falabamos do noso país, de como ían as cousas por alí. Un día, a comezos do outono de 1989 chamou. Viñera a Barcelona. Tiñan que extirparlle un ril. A operación foi ben. Visiteino (e vino) por derradeira vez o 11 ou 12 de decembro daquel mesmo ano. Estaba recuperado e tornaba a Lugo. Voltaría —dixo— a Barcelona polo febreiro, para que lle fixesen unhas probas e unha bióxia. Marchou, e xa non regresou, pois a finais de xaneiro deste ano 90, Basilio Losada recibiu a noticia de que Manolo morrera. E o mesmo día chamoume para mo comunicar.

Manuel Rodríguez López deixounos tres libros de poemas, un de relatos, un de



Manuel Rodríguez López

viaxes e dous de "crónicas" de galegos en Cataluña. No seu último ano de vida dedicouse a verter ao noso idioma *L'Atlántida*, de Jacint Verdaguer, versión pola que recibiu unha axuda da Consellería de Cultura. Tan animado estaba por este feito, que quería comezar a traducir *Nausicaa* de Joan Maragall, non sei se chegou a encetar a tare-

fa antes do seu pasamento.

Como homenaxe e lembranza a aquel home, poeta auto-didacta, galeguista convencido, queremos entregar hoxe aquí algunhas estrofas do "Canto IV" da súa versión de *L'Atlántida* de Jacint Verdaguer; versión que aínda permanece inédita.



Pancho Rodiño

Bibliografía de Manuel Rodríguez López (1934-1990):

POESÍA

Poemas populares galegos (Editorial Celta, Lugo, 1968)

Saudade no bulleiro (Editorial Celta, Lugo, 1970)

Soldada mínima (Edicións do Castro, Sada, 1979)

NARRATIVA

Reencontro coa aldea (Edicións do Castro, Sada, 1983)

VIAXES

Viaxes con Anxel Fole (Edicións do Castro, Sada, 1988)

CRÓNICAS

Galegos en Cataluña 1 (Edicións do Centro Galego de Barcelona, 1979)

Galegos en Cataluña 2 (Edicións do Centro Galego de Barcelona, 1985)

CANT QUART

Mes ja de les guspíres d'inspiració qu'hi
 volen,
 al front del l'hèroe envien la més hermosa'ls
 cels;
 com de florides branques, qu'als passarells
 breçolen,
 una flor cau que fora germana dels estels.

Entre rouredes d'armes y punys batents
 s'escorre,
 la clava corsecanta tot carregantse a coll;
 traspassa'ls rius, tramonta les serres a més
 corre'
 fins que dels camps de Gades trepitja'l séch
 rostoll.

En un marge, qu'ombregen palmes reals,
 s'atura,
 tendre encara, a plantarhi lo brot de
 taronger;
 y, a correçuyta anàntsen.—Un'altra mà més
 pura
 te regue y cuyde,—puix jo tinch altre afer.—

Lo sol besa, aclucantse, dels puigs la
 cabellera,
 qu'arrancarà, per fersen molsós coxí, la mar;
 apar llantia espiranta damunt la capçalera
 d'un gegantí cadavre que van a amortallar.

Llabors lo freu no hi era; lo braç ab que
 encaxara
 Bètica ab Libia era aspra renglera de turons,
 ciclòpea cadena, de que son caps encara
 de Gibraltar y Ceuta los dos altívols monts.

Ab ella l'Arquitecte diví fermà tes ones,
 Mediterrà, qu'esquerpes sortien de ton llit
 per corre'ca un mar més ample, lleons vers
 ses lleones,
 qu'ab sa platja forcegen frissoses a llur crit.

Eix muo ò restellera de cingles era Calpe;

CANTO CUARTO

*De cantas falseas voan, os ceos mandan á
 fronte
 do heroi a máis fermosa e a máis
 inspiradora;
 cal de floridas pólas, que òs paxaros arrolan,
 despréndese unha flor que fora irmá dos
 astros.*

*Entre batentes puños e carballeiras de
 armas,
 evádese coa clava agostadora ó lombo;
 traspasa ríos, remonta serras a toda presa
 ata pisar de Gades o seco restoballo.*

*Nunha marxe sombreada por palmeiras
 reals,
 detense, para plantar o gromo do laranxo;
 e, indose a toda presa, "Outra man máis
 pura
 -dille-te regue e voido, pois teño eu outra
 tarefa".*

*O sol bica, atochándose, das lombas os
 cabelós,
 que o mar arrincarà para tecer un coxín;
 para amorrinado candil na cabecetra
 dun cadáver xigante que van amortallar.*

*Non existia o estreito, o brazo que
 encaixaba
 Bética e Libia era unha restra de outeiros,
 ciclòpea cadea, da que son cabeza aínda de
 Xibraltar e Ceuta os dos altívols montes.*

*Con ela o Arquitecto as tías ondas
 Mediterráneo, que ariscas saían do teu lleito
 para correr nun mar máis amplo, leóns cara
 leoas,
 que coa praia forcexan nervosas ó seu berro.*

Ese muro ou residuo de riscos era Calpe;

los Pirineus no foren més amples ni majors,
sí, enamorat d'Espanya, vingués a seurhi
l'Alpe
atret, com les abelles pel riure de les flors.

Mes està escrit: un vespre, del mar la
cadireta,
sols per rentar l'Atlàntida d'un crim,
s'axecarà,
y per penjar al sostre son niu, una oreneta
no trobarà en tota ella prou terra l'endemà.

Sos turons, que, com arbres de nau en lo
naufragi,
cauràn romputs, tremolen a cada sol ponent:
y avuy, com si a complirse vingués un mal
pressagi,
trasmeten a les plantes llur fort tremolament.

Tu sola dorms embriaga, de l'Occident oh
reyna;
no't sents desfer a troços, l'abim glatinte
ensemps?
no veus al cel un glavi de foch que's
desenveyna?
cáu de genolls y préga; mes ¡ay, no hi ets a
temps!

Que del suplici es l'hora terrible: ja llampega
la clava, al front de roca de Calpe devallant,
com sanguinós cometa que pel cel
s'arrocega,
secades, pestes, llàgrimes, ruina y dol
vessant.

Cauen d'esglay los homes; s'escruxen les
montanyes;
ab gran panteix espera quelcom d'horrible'l
món,
y, al colp esportellantse la serra, ses
entranyes
montra al sol, qu'entre boyra per sempre se
li pon.

*non sería o Pirineu máis amplo nin maior se,
entusiasta de España, all se
sentara o Alpe
atraído, coma abella, polo risco das flores.*

*Está escrito: unha tarde, as comportas do
mar,
para lavar a Atlántida dun crime, hanse
erguer.
Para colgar no aleiro o seu niño, á andoriña
non encontrará terra ó día seguinte.*

*Os seus outeiros que coma árbores de nau
treman,
no naufragio a cada solpor, caeran rompídos;
e hoxe, tal se a cumprirse viñese un mal
agoiro,
transmiten ás plantas o seu forte tremelecer.*

*Só ti dormes bébeda, o raíña do Occidente;
¿non te sintes troccar e que te engulle o
abismo?
¿non ves non ceo a espada de lume
desembaiñar?
cae de xeonllos e reza: ¡ai! ¿non estás
preparada!*

*Que do suplicio é a hora terrible, xa
lostrega
a clava, devalando no rochedo de Calpe, Cal
sanguento cometa que polo ceo se arrastra,
secas, pestes, lágrimas e loito.*

*Caen de abraio os homes; estremécense
montes;
con gran afogo espera algo terrible o
mundo.
A serra desprégase de golpe, as súas
entrañas
mostra ó sol, que entre néboa para sempre se
pon.*

Ell pren alè, y lo ferre tallant torna a les
bromes,
de l'hort de les delícies per ferne un camp de
morts;
quean, com un vol de tendres y místiques
colomes,
l'enrotllen amorosos d'Hesperis los recorts.

Planyent de son amor a la regina hermosa,
lo mall, qu'abrandà ls ayres cayent, vol
decantar;
mes eix, entoçudintse, s'atterra, y la resclosa,
com férrea porta, s'obre de bat a bat al mar.

S'estimba ab castells d'aygua l'esllaviçada
serra,
y al cru espetech s'esquerda l'Atlàntida
tremant;
los estels, dalt, aguayten si esclata en llamps
la terra;
la terra, si ab sos astres li cau lo firmament.

L'hèroe, esblaymat, sospita qu'es tot allò un
desvari;
quan veu a ses espatlles un Geni agegantat,
de qui la grega lira, profana en lo santuari,
ni, veu del cel, la Sibila de Delfos, ha parlat.

En llampegueig volcànich sos ulls grifolen
ires;
terbolins l'arrebocen, fredat y confusió;
lo foch del cel li encercla corones de
guspines;
li es música escoltívola l'espetegar del tro.

Brandeja ab mà ferrenya l'espasa flamejanta
que romperà en lo dia darrer lo pern del
món;
y, escamarlat damunt la víctima geganta,
peu ençà, peu enllà, li descarrega al front.

*El colle alento, e o ferro cortante torna às
brumas
do xardín para trocalo nun campo de morte;
cando, cal voo de tenras e místicas pombas,
envólveno amorosas as lembranzas de
Hesperis.*

*Apiadado da bela rainha dos seus amores,
o mallo, que abrandá o ceo ó cair, quere
desviar;
mais el, entozudíndose, entérrase, e aesclusa,
cal férrea porta, ábrese ó mar de par en par.*

*A serra esvaradiza precipítase na auga
e a Atlántida tremendo con gran estrondo
agréta-se;
as estrelas axexan se lostrega na terra; a
terra, se cos astros lle cae o firmamento.*

*O heroi, livido, pensa que todo é desvario;
cando às súas costas ve un Xenio xigantesco,
de quen a grega lira, profana no santuario,
nin a Sibila de Delfos, voz do ceo, falou.*

*Con lostregar volcánico os seus ollos ira
botan;
envólveno friaxe, confusión e remuíños;
o lume do ceo cêrcao con coroas de faíscas;
e por música escoita o retumbar do trono.*

*Brande con man arisva a flamexante espada
que o mundo estragará no derradeiro día;
e, escarranchado encima da vítima xigante,
un pé aquí, outro alá, descárgalla na frente.*